Grace Schwindt

Paxariños e un diaño, 2015

Saio da casa, basicamente vai vento, levo xersei de la, impermeable e zapatillas, sen luvas. En ocasións, sombreiro. Gústame poñer xerseis de la de segunda man, os que servían para identificar os pescadores afogados, cun patrón único para cada familia. Marcho. Baixo polo acantilado, sempre tomo a ruta que descubrín un ano despois de empezar a traballar aquí, hai 37 anos, no 78, a finais da primavera. Debo camiñar devagar para non caer. Cando chego abaixo, camiño dirección Norte durante máis de seis quilómetros, a praia é ancha, así que primeiro camiño ao longo do bordo do acantilado, paseniño, asegurándome de que non despisto ningún paxaro, ou parte dalgún que fose arrastrado pola marea. O problema é que os corvos comen os paxaros mortos, polo que, a miúdo, o único que queda deles é un par de ás. Teño que ir a diario para competir contra os corvos. Se atopo combustible sobre un corpo, o mando ao laboratorio da Universidade de Heriot-Watt, eles poden confirmar se podería ser cru ou se é aceite refinado. Se é refinado, trátase de fuel e poderíase verquer accidentalmente durante un aprovisionamento de combustible dun barco a outro, pois hai moitos buques de guerra na zona. Se é cru, dificilmente podería derramarse por accidente. Cando os paxaros entran en contacto co combustible, adhíreselles inmediatamente. Imprégnanse de cada gota, primeiro nas plumas e logo vai esvarando ata alcanzar a pel. O combustible atravesa a pel e entra no seu corpo. É un proceso lento pero imparable, atravesa a pel e os tecidos e pasa ao torrente sanguíneo. A continuación o combustible flúe xunto co sangue ata alcanzar o corazón e o cerebro. Canto máis aéreo sexas, menos tempo pasas sobre a superficie do mar e menos probabilidades tes de te manchar. Canto maior é o tamaño da ave, máis posibilidades de contaminación; os mascatos, por exemplo, adoitan contaminarse con frecuencia.

Ás veces atopo dúas ou tres aves manchadas de combustible; outras veces ata trinta e en ocasións ningunha. En total unhas mil ao ano. Cando inauguraron a terminal petrolífera, podía atopar centos ao mes. Ata o ano 1981-82, baleiraban os barrís de auga contaminada directamente ao mar. Algunhas aves aínda estaban vivas cando as atopaba, pero non podía limpalas. Nunca houbo instalacións en Shetland para limparlles o combustible. Agora estase a desenvolver un plan de continxencia mediante o cal se estabilizarían as aves para trasladalas posteriormente á unidade de rescate de vida salvaxe SPCA, case con toda probabilidade por vía aérea.

Eu xa vivía alí cando encallou o petroleiro MV Braer en 1993 e asumía que atoparía a praia sementada de aves mortas, pero o que non esperaba era atopar tamén peixes mortos por todas partes. O combustible traspasou a superficie da auga, un feito inusual, posto que o aceite adoita flotar sobre ela, pero había tal tormenta, o mar completamente branco, que o petroleiro esnaquizou en mil anacos, de tamaño non maior ca unha cadeira de casa. Todo nadaba entre o cru diluído; case arrasa a poboación de colimbos nun día —tan só quedou un 20% tras a vertedura. O cru ou o combustible mal refinado tamén danan o corpo humano se está exposto durante un período longo de tempo. Desmáiaste, perdes o coñecemento, e se o tocas, abrásate a pel.

Sofres pequenas abrasións á hora de recoller as aves; eu estou chea de pequenas marcas de queimaduras; non me gusta usar luvas. Polo xeral atopo pequenos corpos, ou fragmentos de corpos. Recólloos con moito coidado, depositoos na palma da man e sinto as súas plumas, sempre húmidas e suaves, cunha lixeira resistencia á presión; é coma se os seus corpos se derrubasen en contacto coa miña pel, nótoos pesados, só por un instante, e a continuación o seu peso alixéirase de súpeto. Só me premen a pel o que parecen veas endurecidas en forma de vermes. O resto do corpo flota. Sinto a humidade na man e, non obstante, ao volver depositar os corpos, téñoa seca.

Un día resultoume imposible determinar qué parte do corpo sostiña; se se trataba da parte interior da cola ou de parte do lombo, demasiado pesado para o seu tamaño; ao observalo, un feixe de luz —quizais proveniente do sol— chocoume nos dedos, atravesoume a man e desapareceume polo pulso.

Á ave, un merdeiro de mar que atopei preto do valo de seguridade de BP, faltáballe unha á e a outra a tiña atrapada contra o valo. Tiña dúas manchas de combustible: unha cubríalle o peito ata a altura da gorxa e a máis pequena pegáballe a á ao corpo. Aínda estaba vivo cando o atopei. Non sei como se lle diseccionou a á; os corvos non comen ás.

Ese mesmo día atopei un pequeno corpo, enteiro, todo cuberto de combustible a excepción dunha pequena parte do peito. Aínda estaba vivo; ou quizais non morto. O corpo permanecía quieto, incapaz de moverse, pero os ollos movíanse freneticamente; estaba hidratado, en estado salvaxe, e as súas plumas tiñan case a cor que imaxinara: gris escuro cun lixeiro brillo púrpura. Á primeira vista parecían negro acibeche. É posible que o gris escuro e o púrpura fosen o reflexo de fóra, do aire ou do ceo. A súa mandíbula superior parecía moi recta para ser un merdeiro de mar.

É unha ave interesante; adoitaban levar as crías dos araos alibrancos dos seus niños e comelas. Se o fas, tes que esperar á tempada de cría —a partir de mediados de xullo— o mellor momento para as crías, cando están mellor para atrapalas. Daquela decatáronse de que se eran quen de levar as crías, tamén podían cos exemplares adultos. E así fixeron.

Aquela ave tiña un corte profundo, lonxitudinal á plumaxe inferior. O sangue, escuro, semellaba mesturarse co combustible. Dalgún modo, atópome feble. Se cadra o combustible me penetrou tamén a min na pel. Síntome tan delgado coma un fío de seda e ao tempo tan grande coma un tumor que crece indefinidamente.

Necesito boas novas. Necesito recuperar a saúde. Corro freneticamente dun lado para outro, do bordo do mar á base do acantilado, logo en diagonal cara a fóra, logo de novo cara a dentro para alcanzar o lugar que está xunto ao acantilado, paralelo ao punto próximo á auga, onde comecei a correr ou bailar; por un momento síntome coma un bailarín que describe coa súa danza a forma dun diamante. Se cadra os corpos desaparezan se repito esta forma o suficiente. Logo dun tempo, caio exhausto. Síntome posuído. Quero durmirme, esperando esquecer os corpos. Dúrmome soñando co meu namorado, abrázoo, convértese no seu pai, sigo abrazándoo. Os vermes reptan polas dobreces da súa pel. Un diaño ascende a través del pola súa boca aberta. Calmea. Semella que se viu sorprendido. Agora podo contemplar o interior do seu corpo a través da boca aberta. É gris escuro e vermello escuro, con diferentes sombras en púrpura por algunhas zonas. Agora a súa pel prégase, a carne queda exposta. Non é suave, ten vultos irregulares e formas alongadas sobre a superficie, todas da mesma cor, vermella, avermelladas, fortes e profundas. Érguese, non me dirixe a mirada en ningún momento, vaga pola beira da auga, o diaño ségueo e camiña ao seu carón. Obsérvoos durante un tempo. Aparecen entre flashes de lóstregos e volven a luz turquesa, azul escura, branca, logo amarela moi escura, case marrón. Por un momento pensei que era vidente e podía ler as súas mentes. Estudarei electricidade máis adiante para comprender os intervalos iguais dos flashes.

Aparece un home cun veo negro e seda negra envolvendo o seu corpo, que semella moverse de xeito independente a el. Vese precioso. Adiántame e sobe o acantilado.

Parece que non me atopo ben. Ogallá me dera un ataque, un ataque de pracer ou desespero, un ataque incontrolable de esgotamento e tensión. Levaríame tempo recuperarme. Podo ver toda a escena desenvolverse fronte a min.

Recibiría cartas de familia e amigos, un ou dous coidaríanme con tal lealdade que chegarían a ser considerados mártires. Enxugarían o suor da miña fronte, alimentaríanme, refregaríanme sal polo corpo, deixarían entrar aire fresco, quereríanme. Daríanme consolo cando máis o necesitase. Estarían orgullosos da miña pronta recuperación e amaríanme por iso. Tocarían para min e bailarían para min, ensinaríame, quizais, un novo idioma, árabe ou latín, discutiriamos as sutís diferenzas entre os idiomas, utilizariamos emocións para describir expresións únicas que non poden ser traducidas entre eles. Recibiría unha carta do meu pai pedíndome que fose a casa, que rexeitaría amablemente, pois non estou en disposición de viaxar. Tería que permanecer illado algún tempo máis do que eu denomino o mundo civilizado. Recuperaríame, pero devagar, e seguiría lembrándome dos máis achegados, aos que ninguén debería pendurar a súa esperanza dos milagres.

Co tempo podería volver ao traballo no faro, volver observar as aves, velas voar. Vense densas e imaxínome voando con elas, arroupándome forte arredor dos seus corpos, cos brazos rodeando o pescozo dunha, que se vai estirando co meu peso, cada vez máis delgado, ata que xa non me podo soster.

Aterro sobre a superficie do océano, xa non oio nada. Perdín o sentido do oído. Noto o pulso sobre un prancha de xeo. Creo que teño febre. Sinto que o corpo exhala vapor ou gases. Envelenaríanme? Estarame a escapar o sangue? Se cadra corteime coa prancha de xeo pero non parece líquida. Sinto a pel fina e sen cortes, así que as veas deben de estar a premer a flor de pel dende o interior. Quizais xa non sexa un todo; quizais sexa tan só un corpo desmembrado. Ao pensalo calmeo; a miña boca queda aberta demasiado tempo tras esta súbita inspiración. Quizais sexa agora cando o diaño regresa, apresándome, tragándome dun bocado, engulíndome.